

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP01	Estética e beleza	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0637	Técnicas de uñas artificiais	2023/2024	6	105	126

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA REYES AGUÍN MARTÍNEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo capacita ó alumno/a para exercer a súa actividade en pequenas e medianas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, particularmente en establecementos do sector servizos persoais, concretamente de establecementos de estética e peiteado, relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal e realizando, asesoramento e atención a clientela, así como comercialización de produtos e servizos estéticos. Podería ser traballador por conta propia organizando a súa propia empresa.

As ocupacións e postos de traballo máis relevantes son os seguintes:

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a esteticista en centros de beleza e gabinetes de estética.
- Maquillador/ora.
- Técnico en uñas artificiais.
- Técnico/a en depilación
- Técnico/a en manicura e pedicura.
- Recepcionista en empresas estéticas.
- Asesor/vendedor/demostrador en perfumerías e droguerías.

- Departamentos de Estética de empresas dedicadas ó tratamento da imaxe persoal integral.

- Equipos técnicos dependentes de laboratorios e marcas comerciais que desenvolven a súa actividade no ámbito da estética persoal, como técnicos, probadores, demostradores e vendedores.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Estudo estético de mans, pes e unllas.	Coñecementos básicos da anatomía de mans, pes e unllas. Alteracións.	5	5
2	Hixiene, organización e prestación do servizo.	Instalacións, mobiliario, utilaxe e aparatoloxía. O profesional: indumentaria, aptitudes e actitudes. O cliente: recepción, atención, protección, ficha técnica... Técnicas de seguridade e hixiene a empregar para a realización de técnicas de unllas artificiais.	15	10
3	Técnicas de unllas artificiais: características e cosméticos.	Tipos de unllas artificiais e cosméticos específicos empregados.	6	10
4	Unllas artificiais I. Xel: técnica de execución, mantemento e retoque.	Execución da técnica de unllas de xel: acondicionamento da unlla, colocación de tip/molde, elaboración da unlla de xel. Recheo e eliminación da unlla de xel.	35	22

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
5	Unllas artificiais II. Acrílico, técnica de execución, mantemento e retoque. .	Execución da técnica de unllas acrílicas: acondicionamento da unlla, colocación de tip/molde, elaboración da unlla acrílica. Recheo e eliminación da unlla acrílica.	30	20
6	Unllas artificiais III. Técnicas diversas e novedosas de unllas artificiais.	Elaboración e arranxo de unllas con técnicas diversas: seda, fibra de vidro...	5	10
7	Técnicas de maquillado e decoración de unllas artificiais.	Técnicas de maquillado e decoración de unllas encapsuladas, 3D, con pinturas acrílicas...	25	18
8	Análisis e control de calidade nos procesos de unllas artificiais.	Parámetros para medir a calidade do servizo, grado de satisfacción do cliente e medidas correctivas.	5	5

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Estudo estético de mans, pes e unllas.	5

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona o procedemento de elaboración de uñas artificiais en relación co estado da uña e a morfoloxía dos dedos	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse as características estéticas e morfolóxicas das uñas e dos dedos das mans e dos pés
CA1.2 Detalláronse as alteracións e as incidencias que inflúen nos procesos de elaboración das uñas artificiais
CA1.3 Descríronse as contraindicacións relativas ou absolutas para estas técnicas

4.1.e) Contidos

Contidos
Estudo estético de mans, pés e uñas. Morfoloxía das mans, do pés e das uñas.

Contidos
Identificación de alteracións que inflúen nos procesos de elaboración de uñas artificiais. Causas: malformacións, alteracións e traumatismos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Hixiene, organización e prestación do servizo.	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona o procedemento de elaboración de uñas artificiais en relación co estado da uña e a morfoloxía dos dedos	NO
RA2 - Prepara o lugar de traballo en condicións de seguridade e hixiene, e describe as instalacións, os materiais, os equipamentos e os cosméticos empregados	NO
RA3 - Aplica próteses da uña seguindo o protocolo e individualizando a técnica	NO
RA5 - Mantén a uña artificial efectuando a súa restauración con técnicas de recheo e renovación	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Valorouse a imaxe do persoal nos servizos de estética
CA1.8 Aplicáronse os protocolos de recepción
CA1.9 Rexistráronse os datos de interese profesional na ficha técnica
CA2.1 Identifícanse as áreas de traballo para a realización de uñas artificiais, e describíronse espazos e sistemas de seguridade
CA2.2 Descríbense as normas dunha correcta imaxe profesional
CA2.3 Identifícanse as normas de comportamento fronte á clientela, compañeiros e compañeiras de traballo e superiores

Criterios de avaliación
CA2.4 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial
CA2.5 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e a atención á clientela
CA2.6 Simuláronse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento
CA2.7 Caracterizáronse as posicións anatómicas axeitadas e as medidas de protección persoal e da clientela no proceso de uñas artificiais
CA2.8 Identificáronse as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño da profesión de estética
CA2.12 Organizouse a conservación e o mantemento de utensilios e aparellos
CA2.13 Aplicáronse os métodos de hixiene, desinfección e esterilización
CA2.15 Valorouse a importancia dos equipamentos de protección individual
CA3.1 Planificouse a acomodación da persoa usuaria con criterios de confortabilidade e seguridade
CA5.3 Preparouse o lugar de traballo segundo o protocolo
CA5.8 Documentouse graficamente, na ficha técnica, o antes e o despois do proceso

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Profesional e clientela nestes procesos. Recepción e toma de datos: ficha técnica. Arquivo e conservación da documentación.</p> <p>Instalacións: definición de necesidades e normas para a instalación. Deseño de espazos: importancia da iluminación (luz artificial e natural), a ventilación e a extracción do aire.</p> <p>Aplicación de medidas de hixiene, desinfección e esterilización.</p> <p>Aplicación de medidas de protección individual (autoprotección).</p> <p>Organización do servizo de uñas artificiais: preparación do lugar de traballo e dos equipamentos.</p> <p>Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal como imaxe de empresa (hixiene, maquillaxe, peiteado, indumentaria e complementos).</p>

Contidos
<p>Normas de comportamento fronte á clientela, compañeiros e compañeiras de traballo e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersonal.</p> <p>Importancia do traballo en equipo.</p> <p>Recepción e atención á clientela nos servizos de uñas artificiais. Normas para a primeira cita.</p> <p>Seguridade e hixiene no proceso de uñas artificiais: ergonomía e hixiene postural</p> <p>Actitudes, destrezas e habilidades do persoal profesional da estética e a beleza.</p> <p>Proceso de manicura e pedicura previo á execución.</p> <p>Reciclaxe de residuos das uñas artificiais.</p> <p>Ficha de seguimento.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Técnicas de unllas artificiais: características e cosméticos.	6

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona o procedemento de elaboración de uñas artificiais en relación co estado da unha e a morfoloxía dos dedos	NO
RA2 - Prepara o lugar de traballo en condicións de seguridade e hixiene, e describe as instalacións, os materiais, os equipamentos e os cosméticos empregados	NO
RA3 - Aplica próteses da unha seguindo o protocolo e individualizando a técnica	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Clasifícanse os tipos de uñas artificiais (características, procedementos e métodos)
CA1.5 Determinouse a finalidade da aplicación das uñas artificiais

Criterios de avaliación
CA1.6 Sinaláronse criterios de viabilidade para a súa aplicación
CA2.9 Identifícaronse os equipamentos para a aplicación de uñas artificiais
CA2.10 Escolleuse o tipo e os parámetros do torno, da lámpada UV (velocidade e potencia) e das fresas (forma, grosor e dureza), así como as precaucións para o seu uso
CA2.11 Organizáronse os materiais, os utensilios e os aparellos para realizar as uñas artificiais: tips, resinas, polímeros, lámpadas UV, torno, fresas, etc
CA2.14 Identifícaronse os cosméticos específicos para a realización de uñas artificiais, así como a súa orde de aplicación
CA3.2 Elixíronse os tips ou os moldes para este proceso
CA3.3 Adaptáronse os tips personalizando a súa forma
CA3.4 Determináronse os factores que proporcionan unha ancoraxe perfecta do tip
CA3.5 Realizáronse os procesos de manicura e pedicura previos á aplicación de uñas artificiais
CA3.6 Realizouse a preparación específica da unha natural

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Uñas artificiais: clasificación de técnicas; criterios de selección.</p> <p>Cosméticos empregados na elaboración de uñas artificiais: criterios de selección; pautas de conservación, selección e manexo antes do seu uso e despois.</p> <p>Utensilios e aparellos: criterios de selección; pautas de conservación, selección e manexo antes do seu uso e despois</p> <p>Proceso de manicura e pedicura previo á execución.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Unllas artificiais I. Xel: técnica de execución, mantemento e retoque.	35

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica próteses da uña seguindo o protocolo e individualizando a técnica	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.7 Empregouse a técnica de xel, con e sen lámpada

4.4.e) Contidos

Contidos
Desenvolvemento de técnicas de uñas artificiais: Técnica de acondicionamento do molde ou tip. Técnica de ancoraxe da aplicación do molde ou tip. Técnica de aplicación de moldes ou patróns. Técnica de elaboración uña de resina-acrílico. Técnica de uña de xel. Técnicas novas de uñas artificiais. Técnicas de mantemento e conservación das uñas artificiais.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Unllas artificiais II. Acrílico, técnica de execución , mantemento e retoque. .	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica próteses da uña seguindo o protocolo e individualizando a técnica	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Utilizouse a técnica de porcelana con tip

Criterios de avaliación
CA3.9 Definiuse o proceso de porcelana con molde
CA3.10 Aplicáronse uñas artificiais con decoracións incluídas

4.5.e) Contidos

Contidos
Desenvolvemento de técnicas de uñas artificiais: Técnica de acondicionamento do molde ou tip. Técnica de ancoraxe da aplicación do molde ou tip. Técnica de aplicación de moldes ou patróns. Técnica de elaboración uña de resina-acrílico. Técnica de uña de xel. Técnicas novas de uñas artificiais. Técnicas de mantemento e conservación das uñas artificiais.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Unllas artificiais III. Técnicas diversas e novedosas de unllas artificiais.	5

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Mantén a uña artificial efectuando a súa restauración con técnicas de recheo e renovación	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Aplicáronse as técnicas previas á restauración de uñas artificiais
CA5.2 Recoñeceuse o protocolo de restauración segundo as necesidades da persoa usuaria
CA5.4 Realizáronse as técnicas de restauración das uñas artificiais polo procedemento de recheo
CA5.5 Restauráronse as uñas artificiais polo procedemento de renovación

Criterios de avaliación
CA5.6 Informouse a persoa usuaria acerca das precaucións, os cuidados e o mantemento das uñas artificiais
CA5.7 Elimináronse de xeito selectivo os residuos xerados durante o proceso

4.6.e) Contidos

Contidos
Técnicas de restauración de uñas artificiais. Procedemento de eliminación de uñas despegadas. Procedemento de eliminación total das uñas. Procedemento de recheo. Procedemento de renovación.
Técnicas para uñas especiais: pequenas, rotas e tortas.
Técnicas de arranxo da uña partida, estelada ou rota, tanto natural como artificial.
Preparación e cuidados das uñas naturais.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Técnicas de maquillado e decoración de unllas artificiais.	25

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Decora as uñas artificiais desenvolvendo distintas técnicas	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Realizáronse deseños gráficos de maquillaxes para uñas
CA4.2 Aplicáronse técnicas de maquillaxe con esmalte, pincel e punzón

Criterios de avaliación
CA4.3 Aplicáronse técnicas de maquillaxe con aerógrafo
CA4.4 Realizáronse técnicas de fantasía: altorrelevo, baixorrelevo e pegado
CA4.5 Aplicáronse técnicas de piercing no bordo libre da uña
CA4.6 Realizáronse diversos tipos de maquillaxe de uñas: francesa, media lúa, picos, diagonal, marmoreamento, florais e fantasías

4.7.e) Contidos

Contidos
Técnica de perforación e ancoraxe de piercing no bordo libre.
Técnicas de decoración e maquillaxe de uñas artificiais: Técnica de maquillaxe con esmaltes, pincel e punzón. Técnica de aerógrafo. Técnicas de fantasía: altorrelevo, baixorrelevo e pegado. Tipos de maquillaxes de uñas: francesa, media lúa, picos, diagonal, florais, marmoreamento e fantasía.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Análisis e control de calidade nos procesos de unllas artificiais.	5

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara o lugar de traballo en condicións de seguridade e hixiene, e describe as instalacións, os materiais, os equipamentos e os cosméticos empregados	NO
RA6 - Analiza a calidade do proceso aplicando os protocolos establecidos pola empresa	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.16 Estudouse a normativa de riscos e protección ambiental

Criterios de avaliación

CA6.1 Avaliouse a calidade, o proceso e os parámetros para observar resultados

CA6.2 Definíronse as pautas para realizar o control de calidade da prestación do servizo

CA6.3 Avaliáronse os resultados e o grao de satisfacción da persoa usuaria mediante a realización dun cuestionario tipo

CA6.4 Estableceuse o método de tratamento de queixas

4.8.e) Contidos
Contidos

Instrumentos de identificación das necesidades e as demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.

Avaliación e control de calidade.

Avaliación do grao de satisfacción da clientela na aplicación de unhas artificiais.

Información á persoa usuaria sobre os coidados e o mantemento do proceso.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación
MÍNIMOS ESIXIBLES

- Describir, seleccionar, preparar, aplicar e manipular correctamente os cosméticos, útiles e equipamentos empregados nos procesos de elaboración de unllas artificiais.
- Preparar e protexer o/a profesional e o/a cliente para os servizos de elaboración de unllas artificiais.
- Adoptar a posición anatómica axeitada durante o proceso de elaboración de unllas artificiais.
- Preparar e acondicionar as unllas.
- Seleccionar, preparar e colocar correctamente os tips/moldes
- Executar os distintos estilos e técnicas de unllas artificiais usando as diferentes ferramentas e cosméticos, adecuados ás necesidades do/a cliente.
- Aplicar a técnica de limpeza, desinfección e esterilización dos instrumentos necesarios para o proceso elaboración de unllas artificiais.
- Asesorar a clientela

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

---- A avaliación é continua e procederase da seguinte forma:

A cualificación final da avaliación será un número enteiro do 1 ao 10. Considéranse aprobados aqueles alumnos que obteñan unha cualificación igual ou superior a 5 en cada un dos bloques que detallamos a continuación, sendo necesario ter un mínimo de 5 nos tres bloques para aprobar e sumando un máximo de 10 a nota final. Tal e como se reflicte nese apartado, os CA agrúpanse:

Un dos bloques : CA relacionados con probas escritas sobre coñecementos máis teóricos e soe pesar sobre un 20% en cada UD

Outro dos bloques :CA relacionados exercicios prácticos, avaliado mediante listas de cotexo e táboas de observación e soe ocupar un peso do 80%

A nota final será a suma dos porcentaxes anteriores. Para aprobar a avaliación, o alumno/a deberá acadar como mínimo un 50% da nota en cada un dos apartados, e cando non sexa así a avaliación quedará suspensa ata que se recupere o apartado correspondente.

Todas as actividades desenvolvidas axustaranse ós seguintes parámetros:

- As alumnas/os traerán modelos cando a profesora o considere e a situación sanitaria o permita
- Esixiráselle o alumnado traballar entre eles e cambiar de parella cando a profesora así o crea necesario.
- É deber do alumno/a asistir a clase con puntualidade e con material preciso en perfecto esta de conservación e hixiene
- É deber do alumno/a seguir as directrices do profesorado respecto a súa educación e aprendizaxe
- O alumnado realizara prácticas diariamente debidamente uniformado cunha imaxe persoal apropiada e traerá todos os días o material esixido, deste modo o profesor valorara a calidade dos traballos, o interese continuado e poderá corrixir erros.
- Si detecta que un/a alumna/o copiou nun exame será cualificado cun 0 no mesmo.
- Se un alumno/a non se presenta a unha proba o un exame obterá como cualificación na mesma un cero.
- O longo do curso o alumno/a realizará o número de traballos que o profesor considere.
- No caso de non presentar no prazo establecido un traballo, descontarase un 20% da nota que lle corresponda o mesmo por cada día de retraso. En todo caso, o alumno/a ten que entregar o traballo, aínda fora de prazo.

A cualificación final será a da 3ª avaliación. No caso de non acadar a avaliación positiva, o alumnado poderá acceder a proba de xuño.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitudes: Observación e anotación nunha táboa de observación.

Probas escritas:

Respostas a preguntas e cuestións das unidades de traballo.

Representacións gráficas.

Elaboración de resúmenes e exercicios.

Os traballos teóricos que se lle pidan ao alumno/a ao longo do curso.

Probas orais, prácticas ou outras:

Respostas a preguntas sobre as prácticas diarias e sobre contidos explicados con anterioridade.

Os traballos orais que se lle pidan ó alumno/a ó longo do curso.

Probas prácticas: Probas prácticas puntuais, das que se fará un rexistro.

Traballos individuais ou en grupo: Traballo na aula

Os traballos prácticos que se lle pidan ó alumno/a ó longo do curso.

Traballos prácticos mínimos diarios que se rexistrarán nunha lista de cotexo na libreta da profesora ou na libreta do alumno.

ACLARACIÓNS DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Os contidos actitudinais traballaranse e avaliaranse ao longo de todo o curso e en tódalas unidades.

exames. eses descontos serán o incumprimento ou falta de interese por parte do alumnado de, entre outras:

- Obrigatoriedade de ter o uniforme de traballo na aula e en perfectas condicións de uso.
- Obrigatoriedade de levar as uñas limpas, curtas e desmaquilladas para poder realizar os traballos prácticos.
- Obrigatoriedade de ter unha hixiene persoal propia da profesión que pretendemos exercer : cabelo e roupa limpa .
- Obrigatoriedade de posuír o seu propio material, limpo e desinfectado, en orden, e en perfecto estado, aspecto que repercutirá na nota final..
- Interese polo traballo que se realiza.
- Iniciativa e confianza na toma de decisións e na resolución de problemas
- Organización do traballo.
- Valora-la importancia da precisión na utilización da linguaxe para transmitir a información.
- O trato coa clientela, profesores, compañeiros e toda a comunidade educativa que debe ser en todo momento aberto, educado, discreto, prudente e creando unha atmosfera agradable.
- Valoración da orde, puntualidade, limpeza e respecto polo material de traballo tanto propio como alleo.
- Coñecer e practicar as regras de discreción, tacto e prudencia propias da profesión; debéndose usar en todo momento un vocabulario axeitado e exento de palabras ou expresión malsóntas.
- Respecto polas normas establecidas no centro educativo, tanto polas xerais como as específicas do departamento de Imaxe Persoal, para a posta en práctica do proceso de ensino/aprendizaxe deste módulo co fin de facilitar a convivencia actual e fomentar a formación de profesionais máis completos.
- Respecto polas opinións alleas e os traballos doutros profesionais e predisposición para axudar ós compañeiros de traballo, colaboración e traballo en equipo.

- Interese por ter e manter a hixiene e a imaxe persoal óptima.
- Valoración negativa dos alumnos/as que se neguen a facer os traballos que se lle indiquen e a atender os modelos que se lle adxudiquen.
- Valoración da participación activa do alumno tanto nas clases como en calesquera actividades que se organicen ou nas que se participe.
- Valoración negativa en casos de falta de puntualidade, de asistencia inxustificada e responsabilidade:

PROBAS ESCRITAS

En tódalas recuperacións de probas escritas o resultado será apto= 5 ou non apto.

PROBAS PRÁCTICAS E TRABALLOS NA AULA

En ambos casos valorarase:

- O número (fixaranse probas puntuais e número mínimo de traballos por avaliación), calidade, dificultade e variedade dos traballos, destreza, limpeza, estética e actitude, o tempo de execución...
- As habilidades, destrezas e iniciativa desenvolto durante a execución dos traballos.
- A asimilación dos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais.
- A iniciativa e creatividade.
- Recepción e atención da clientela e modelos.
- A orde e a limpeza.
- O tempo de execución.

A suma de todas estas probas valerá o 40% da nota da avaliación, mentras que o exame práctico valerá outro 40%.

Aclaracións no sistemas de cualificacións:

- Para aprobar a avaliación, o alumno deberá obter como mínimo o 50% da nota en cada un dos apartados, e cando non sexa así a avaliación quedará suspensa ata que recupere o apartado correspondente.
- Cando un alumno non participa na clase, fala constantemente, ten unha atitude negativa, non respecta os compañeiros nin o profesor pódese variar a nota da avaliación reducíndoa ata 1 punto; o mesmo no caso contrario, cando un alumno destaca pola súa participación, actitude positiva, bo comportamento se o profesor o estima oportuno pode aumentar a nota da avaliación ata 1 punto.
- A avaliación é contínua polo que non se poderá superar unha avaliación sen ter superado previamente as anteriores. A nota final coincidirá coa da terceira avaliación. Para obter a nota da terceira avaliación terase en conta o traballo, a constancia, participación, comportamento, esforzo e evolución do alumno/a durante o curso, podendo o profesor se o estima oportuno aumentar a nota da 3ª avaliación ata 1 punto.
- Deberanse acadar os contidos mínimos establecidos para o módulo.

O que non veña uniformado non se entra en clase unha vez tocado o timbre

O alumno non superará o módulo se a súa deontoloxía profesional, hixiene personal ou actitude non supera o esixible en cada unidade.

As probas e traballos prácticos realizaranse en modelo humano.

Os alumnos teñen que posuir o seu propio material, limpo e desinfectado, en orden, e en perfecto estado, aspecto que repercutirá na nota final.

Tratamento dos decimais:

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes se redondearán á alza ou á baixa ó enteiro mais próximo; se equidistara de dous enteiros consecutivos, redondearase ao superior.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

DAS PARTES NON SUPERADAS:

O alumnado que non supere algunha avaliación total ou parcialmente, daránselle as orientacións e apoios necesarios para intentar superala, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades de recuperación ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Actividades de recuperación:

- Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.
- Comentario e análise do traballo entregado e resolución de dúbidas nas horas de clase practicando os traballos de maior difi cultade para o alumno/a.
- As probas de recuperación serán similares ás de avaliación.
- De tódalas probas que se suspendan, farase una recuperación ó longo da avaliación seguinte. A nota máxima que se poñerá será un 5.

MÓDULO NON SUPERADO

- Módulo non superado na terceira avaliación: neste caso deixarase entre a terceira avaliación e a avaliación final de módulos de curso un período destinado á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes. Elaborase un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das actividades de recuperación e a súa temporalización.

- O alumno/a pasa de curso co módulo pendente, elaborase un informe individualizado que conterá información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe. O alumnado será informado ó inicio de curso das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que será avaliado. A avaliación deste módulo pendente de 1º curso levarase a cabo coa avaliación final ordinaria de 2ª curso.

- Módulo pendiente durante a terceira avaliación de segundo curso (periodo ordinario de FCT) , caso de ter suspendido na avaliación previa a FCT, programaránselle actividades para a súa recuperación, e informaráselle do período da súa realización , temporalización e data en que serán avaliados .

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando o número de faltas alcance o 10% da carga horaria total do módulo. O profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación das faltas .

O alumnado ten dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa a avaliación final de módulo e a cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final do módulo. Esta proba poderá abarcar a totalidade da materia vista durante o curso tanto teórica como práctica.

A data de celebración da proba extraordinaria será a acordada polo equipo educativo e o equipo directivo, sobre a base dos regulamentos de organización e funcionamento do centro e darase a coñecer ó alumnado no taboleiro informativo con antelación suficiente.

Será una proba teórico-práctica:

Duración: 4 horas

Contido da proba:

- Proba escrita
- Proba práctica:
 - Selección, preparación e manipulación axeitada dos espazos, útiles, cosméticos e modelos para realizar o traballo práctico en condicións de seguridade e hixiene idóneas.
 - Realización dun traballo de escultura de unllas con xel.
 - Realización dun traballo de escultura de unllas con acrílico.
 - Realización das técnicas de decoración de unllas indicadas.

Será requisito indispensable superar a proba escrita para realizar a continuación a proba práctica.

O/a alumno/a deberá traer un/unha modelo para poder realizar a proba e o material necesario.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que entre outros temas, se tratará a porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademais, en reunión de departamento ó longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto analizar a avaliación inicial feita ós alumnos e coñecer as características e a formación previa de cada un, así como as súas capacidades. Serve de punto de partida ó equipo docente, permitiéndolle adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilización modular, aínda que en ningún caso se permitirán adaptacións curriculares significativas. Así mesmo deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

A avaliación inicial realizarase conforme o procedemento establecido polo control do sistema de calidade do centro. Dito control realízase principalmente por medio do cumprimento do documento de avaliación inicial e mediante entrevista persoal cando se considere necesario.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Alumnado con NAE:

Por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades de aprendizaxe, TDAH, pólas súas altas capacidades intelectuais e familiares ou académicas.

Finalidade: que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Dada a diversidade de alumnado que accede aos ciclos formativos, traballaremos os contidos segundo as necesidades do momento, do grupo e do alumno/a en particular.

Ó longo do curso presentaranse exercicios e actividades con diferentes grados de dificultade, o que permite ó profesorado seleccionar os mais adecuados ó nivel do alumnado e ás súas capacidades. Para seleccionar os mais axeitados, terase en conta a avaliación inicial, o progreso e o grado de consecución dos obxectivos plantexados.

Ó alumnado que non responda ós obxectivos programados, daránselle as orientacións e apoios necesarios, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades reforzo e afondamento ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Actividades de reforzo e de afondamento:

Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.

Análise do traballo e resolución de dúbidas que lles xurdan ós alumnos/as para poder traballar a fondo as actividades propostas durante as horas de clase.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Medidas curriculares: trátase de introducir no currículo dos centros contidos relacionados co desenvolvemento persoal (autoestima, autocontrol, desenvolvemento emocional, educación en valores) e social (habilidades sociais, programas de resolución de conflitos interpersoais...) có fin de formar persoas máis equilibradas, e polo tanto menos conflictivas, e con recursos para unha resolución construtiva dos conflitos interpersoais, para un mellor desenvolvemento e integración social.

Realizáranse diferentes actividades ó longo do curso para a educación en valores.

Educación moral e cívica: Desenvolver criterios de actuación que favorezan a responsabilidade e compartimentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.

Inserción e aplicación: Durante os traballos de taller, tanto entre compañeiros como durante a atención o público.

Educación para a saúde: É a transversal por excelencia desta materia xa que se traballa en tódalas unidades e ó longo de todo o curso. Coñecer e adoptar modos de vida sans dentro do ámbito laboral. Reflexionar sobre as razóns que conducen a prácticas sociais e medio ambientais non saudables dentro do ámbito. É moi importante, a adopción de posturas correctas para previr lesións na columna vertebral, varices, etc.

Unha parte da dieta dos adolescentes é por conta deles mesmos (bolos, chucharías, aperitivos, bebidas,). Debemos incitalos cara a adquisición de hábitos de consumo responsables.

Educación ambiental: Tomar conciencia da importancia de respectar as normas medio ambientais e os seus respectivos efectos no desenvolvemento da actividade laboral e adoptar actitudes persoais responsables.

Educación para a paz: Valorar a auto estima, seguranza persoal, ser capaz de establecer a relación entre os dereitos e obrigas de cada un, superar inhibicións e prexuízos, canalizando a súa agresividade cara actitudes que promoven o ven común.



Educación para a igualdade de sexos: adoptar actitudes non sexistas tanto nos comportamentos, como no ámbito laboral, co fin de favorecer a igualdade e oportunidade entre sexos.

As nosas condutas son a manifestación dos nosos valores, de ahí a importancia de comezar desde moi temprana idade a educar en valores. Pero para formar bos profesionais, que saiban convivir, compartir, colaborar con compañeiros, clientes..., é indispensable formar ó mesmo tempo adultos responsables, respectuosos, honestos, humildes, tolerantes, felices..., polo que se incidirá neste tema ó longo do curso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Participación en concursos relacionados coa profesión

Visitas a feiras profesionais, congresos..., de tipo profesional e/ou cultural.

Asistencia a cursos e xornadas de formación realizados por casas comerciais e profesionais do sector tanto dentro como fora das instalacións do centro escolar.

Organización e participación en actividades diversas que impliquen a colaboración dos alumnos: desfile de peiteados e estética, obras de teatro, rodaxes películas, galas profesionais e outros proxectos.

Visitas a distintos medios de comunicación.

Visitas a balnearios, spas, fábricas de cosméticos...

Elaboración de material didáctico en vídeo, fotografías...

Seguimento das novas publicacións: vídeos, libros, revistas...

-Estas actividades extraescolares realizaranse sempre que a situación sanitaria do covid-19 o permita.